Documento técnico

Galego

1. - Requisitos:

Para a execución desta Unidade Didáctica unicamente é necesario un ordenador cun navegador web que cumpra os últimos estándares como mozilla firefox, chrome, chromium, opera ou safari, con javascript activado. O sistema operativo é indiferente e a resolución mínima da pantalla ha de ser 1024 x 768 pixeis.

A conexión a internet unicamente é necesaria se queremos visitar os enlaces propostos nalgún apartado, o resto da Unidade é totalmente operativa aínda que non exista esa conexión.

2. - Instalación e posta en marcha:

Pode optar por dúas formas:

2.1. - Local: Con tan só copiar a carpeta na que se atopan todos os ficheiros da Unidade a un lugar do seu ordenador, se a Unidade a obtivo nun ficheiro zip, evidentemente debe de descomprimir todo o seu contido. Nesa carpeta atopará un ficheiro chamado "index.htm ", faga dobre-clic nel e o navegador do seu ordenador debería de abrirse coa Unidade. Teña presente que desta forma pode acceder a todo o contido e actividades, unicamente os traballos en liña (Lengua - Escribo o mi cuento, Lingua - Ficha de lectura) non estarían dispoñibles.

Aínda que é totalmente operativa, esta forma non é a máis recomendada para o traballo nunha aula xa que tería que copiar esta carpeta en cada un das computadoras que utilice o alumnado.

NOTA: Usuarios/ás de Google Chrome e Opera: Para a visión completa da unidade nestes navegadores en local, deben de estar abertos cos permisos de acceso a arquivos e directorios. Para iso o navegador debe de ser executado cos parámetros " --allow-file-access-from-files " (sen as comiñas). Isto **só é necesario para a súa execución en local.**

2.2. - Servidor web: En calquera das súas posibilidades, dentro dunha intranet (servidor de contidos do centro) así como en Internet, o proceso é moi simple, deberá de copiar ou subir por FTP a carpeta da Unidade ao servidor unha vez alí estaría lista para ser accedida dende calquera ordenador conectado á rede, con tan só escribir na dirección algo como "http://www.suservidor.com/aNutricionII" onde "aNutricionII" é o nome da carpeta que subiu ao servidor. **Esta é a opción máis recomendada**.

3. - Preparación para o traballo "en liña":

Se se desexa que o alumnado poida mostrar o seu traballo xunto co do resto de alumnos deberá realizar uns pequenos e sinxelos cambios nos arquivos que se detallan a continuación. Preste especial atención aos cambios que debe de realizar **OBRIGATORIAMENTE** para non poñer en risco a seguridade do servidor.

NOTA: O autor NON se fai responsable de ningún tipo de dano que o uso ou modificación de calquera ficheiro desta unidade puidese causar, o usuario no momento de instalalo así recoñéceo.

Primeiro, dentro da carpeta da unidade busque unha carpeta chamada "**usuariosDemostracion_ZZZ**" **cambie o seu nome a "usuariosDemostracion"** (borre "_ZZZ"), preste especial atención ao tema de maiúsculas e minúsculas e realice os seguintes pasos:

1. - Cre con Ardora os ficheiros necesarios para a xestión de usuarios (menú: Arquivo - Páxinas en servidor - Xestión de usuarios.
2. - Publique esa "xestión de usuarios" co nome "usuariosDemostracion" (preste especial atención a maiúsculas e minúsculas).
3. - Substitúa e a carpeta usuariosDemostracion pola nova que acaba de crear.
4. - Coloque a unidade didáctica nun servidor web.

Para este proceso ten información detallada na páxina web de axuda de Ardora (apartado páxinas en servidor).
http://webardora.net/axuda_cas.htm

Se todo foi ben, **falta un último detalle** para que o alumnado poda subir os seus textos, localice NO SERVIDOR a carpeta "**ardoraWorkFiles**", nesta carpeta é donde se van a gardar os textos de cada alumno, a esta carpeta debemos de poder **dar permisos de lectura e escritura para todos os usuarios (CHMOD 777),** calquera programa de FTP permite facer isto dunha forma moi sinxela, por exemplo, en "**Filezilla**" (se non coñece outro, este é máis que aceptable, ademais é gratuito) basta facer clic co botón dereito encima da carpeta ardoraWorkFiles situada xa no servidor e **seleccionar permisos de arquivo**, na ventá que aparece deben de estar marcadas todas as casiñas, verá que en "valor numérico" aparece un 777, **NON se esqueza de marcar tamén a casilla "Incluír todos os subdirectorios"** e neste caso marcar a opción "Aplicar a todos os arquivos e directorios".